



● Bases da mostra de petiscos de Mondariz-Balneario

O concello de Mondariz-Balneario e os hostaleiros da vila organizan e convocan unha mostra gastronómica de petiscos na vila de Mondariz-Balneario” entre os profesionais do sector de hostaleira da Vila. As datas propostas por os establecementos son o fin de semana do 2, 3 e 4 de febreiro do 2024.

Normas e especificacións.

- A mostra de petiscos de Mondariz-Balneario levarase á cabo no fin de semana do 2, 3 e 4 de febreiro do 2024
- horario mínimo proposto será de:
 - Venres de 20:00 a 21.30.
 - Sábado de 12.00 a 13.30 e de 20.00-21.30.
 - Domingo de 12:00 a 13.30.

Os establecementos que así o desexen, poderán ampliar dito horario, debendo publicitalo.

- Poderán inscribirse tódolos establecementos hostaleiros vinculados e situados no concello de Mondariz-Balneario que queiran ofertar as súas propostas e que cumpran coa normativa legal vixente.
- Cada participante presentará a “mostra” **un petisco de creación Propia**. A preparación será libre e poderán utilizar os ingredientes e materias primas que se desexen. Recomendase que o petisco sexa acorde co prezo pactado e que elabórese con produtos de cercarías e tempada. Cada establecemento deberá ter nun espazo visible a información sobre os alérxenos dos seus petiscos.
- Cada participante deberá ter a disposición dos clientes o mesmo modelo de petisco durante todo a “mostra” ao prezo acordado pola organización e no horario e datas establecidas para a “mostra”.
- **Para imaxe de conxunto e para facer máis doado o funcionamento, establécense estes prezos.**
 - **O prezo do petisco será 2 €.**
 - **Petisco máis auga de Mondariz en 3.50 €**
 - **Petisco máis + corto cervexa ou refresco 4 €.**
 - **Petisco máis +viño 4,50 €**

Os viños empregados para esta oferta, deberán ser os viños do patrocinador. Por esa razón o patrocinador deixara os seus produtos a un prezo especial. O patrocinador será Adegas Galegas.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- O prazo de inscrición estará aberto ata o **19 de decembro** do 2023. **Non se aceptará ningunha inscrición posterior.**
- Para calquera aclaración pode acudir a Oficina de Información Turística do concello de Mondariz-Balneario.
- Para realizar a inscrición poderá ser a través de correo electrónico (**turismo@mondarizbalneario.es**), no grupo de wassap de hostaleira, (neste caso se remitirá a listaxe definitiva ao técnico de turismo), ou facela de forma presencial na oficina de turismo no seu horario establecido. Serán necesarios os seguintes datos:
 - Nome e CIF do establecemento
 - Nome e alérxenos dos petiscos.
- Os establecementos ó entregar a solicitude estarán de acordo e cumpriran as bases establecidas.
- Para animar á participación realizarase un sorteo con diferentes agasallos. Sortearanse **mínimo catro agasallos.**
- Entregarase nos establecementos un pequeno pasaporte ou cartilla. As cartillas de participación usaranse para obter selos nos establecementos participantes na mostra. Dependendo do número de selos obtidos poderán acceder a distintos sorteos. Para fomentar a participación en todos os locais os premios do sorteo cara o público serán establecidos por os selos, canto mais selos mais categoría de premio. A información dos premios explicaráse na cartilla
- O sorteo celebrarse un día laboral na seguinte semana a realización da mostra. A **entrega de premios do sorteo** , terá lugar nun día escollido pola organización da “mostra”, os participantes e o patrocinador/es (no caso de que se escolla esta opción).
- Facilitarase o numero dos taxis locais na cartilla , para facilitar a chegada de veciños e visitantes
- Para acceder ao sorteo, o participante deberá anotar os seus datos persoais e de contacto na cartilla de participación de forma clara e lexible e depositala nas urnas habilitadas para tal efecto logo de estar seladas polos establecementos. No caso de que os datos sexan falsos ou erróneos, a papeleta quedará anulada, procedendo a unha segunda extracción.
- Os establecementos participantes na mostra deberán respectar as normas da mesma.